

A segunda edición do obradoiro de literatura clausúrase a finais do mes de Maio

Versos noveis

A dereita: trece persoas acoden semanalmente ás sesións do Obradoiro; abulxo: De esquerda a dereita: Eduardo Estévez, María Ludo, Carlos Negro e Sechu Sende



Escribir un poema a partir dunha frase. Idear unha historia e contala logo dende o punto de vista dun personaxe diferente. Son escusas para escribir, consignas que o poeta arxentino Eduardo Estévez propón ós seus alumnos e alumnas do obradoiro literario que dirixe en Fene. Semana tras semana, a biblioteca municipal do concello convértese no lugar de encontro dun grupo de persoas que comparten o seu interese pola literatura. Allí escriben, len e opinan sobre os seus propios textos xunto cos dos seus compañeiros.

J. C.

Sebastián ten dezanove anos. Dende hai catro ou cinco amósase interesado pola literatura. Escribe os seus propios textos aínda que, asegura, toma máis en serio a súa afección dende que participa no obradoiro. Para Elena, outra das alumnas, esta é unha axuda para depurar erros ó compartir e comentar os seus escritos cos compañeiros. Ós seus trece anos, Duarte destaca o valor de cada sesión á hora de "soltarse" para escribir e interpretar poesía. A Pablo, de once, o obradoiro axudouno a mellorar as súas notas na disciplina de Lingua.

"Este é un espacio onde a xente se fai amiga da literatura". Así concibe o obradoiro literario o seu coordinador, o poeta Eduardo Estévez, que este ano repite na dirección do curso. A iniciativa púxose en marcha no ano 2000 como unha proposta dirixida a xente que gusta da literatura "tanto dende o punto de

vista do que escribe como do que le". Nesta segunda edición, comezaron as sesións no pasado mes de novembro e prolongáronse até fins de maio.

A convocatoria desta segunda parte do obradoiro respostaron persoas encadradas nunha franxa de idade moi dispar (dende os once anos até superar os cincuenta). Todos e todas comparten asento os venres de seis a oito da tarde e, a medida que pasa o tempo, van abandonando a dinámica propia do obradoiro para, espontaneamente, comezar a escribir.

Certo é que non existen regras máxicas para converter a unha persoa nun bo escritor pero, a base de determinados exercicios, os alumnos e alumnas do curso veñen traballando dende o principio distintos aspectos da literatura. É o que Eduardo Estévez chama consignas de traballo, isto é, escusas para escribir. O ton de cada exercicio é lúdico e fórmulase como unha maneira de producir textos cos que logo traballar. Neste campo as posibilidades son moitas dende propoñer

unha frase como base dun escrito ou coller un poema e transcribilo a modo de narración para que os propios alumnos sinalen logo os cortes dos versos.

Para Eduardo Estévez, "os meus obxectivos empézanse a cumprir no senso de que moitas veces xa non teño que dar consignas de traballo e as persoas traen material propio ó obradoiro para analizar e comentar". En xeral, tódolos alumnos valoran positivamente a dinámica de traballo que se ven seguindo no curso. Tamén a utilización de consignas porque, segundo un dos participantes, "o peor é poñerse diante dun folio en branco e comezar a escribir".

A finais do pasado mes de abril, os poetas Carlos Negro, Sechu Sende e María Ludo achegáronse a Fene para compartir con este grupo unha das sesións do obradoiro. A visita completouse cun recital poético no que participou tamén o coordinador do curso. Para Eduardo Estévez foi esta unha experiencia "complexa" porque "no papel de coordinador do obradoiro un ten ó seu redor unha parte de misterio que perde cando recita para esas persoas. Síntome como se acabara de

espirme e de contarles o truco".

O próximo convidado ó obradoiro de Fene será o poeta Celso Fernández Sanmartín responsable dun curioso proxecto de recolleita de relatos de tradición oral nun xeriátrico de Lalín. A visita será o día 24 de maio.

Eduardo Estévez, poeta da xeración dos noventa

Eduardo Estévez comezou a escribir nun obradoiro de literatura. Para el este tipo de iniciativas teñen de bo "que

un ten diante tódalas semanas a xente que está interesada en ler os seus textos e opinar sobre eles".

Como poeta este xoven arxentino encádrase na denominada Xeración dos Noventa. Ten publicados os libros *Catedrales de perfil* (RundiNuskín editor), *Ya tan deshabita-*

do (La liebre libre), *So paxaros saíron desta boca* (Deputación de A Coruña), *Lúa gris* (Edicións Xerais) e *Os veos da paisaxe* (Retagarda Edicións).

"Un plan de fuxida errado"

"O rapaz corre rúa abaixo detrás da pelota que esvara e salpica nos charcos. Avanzan polos soportais de pedra húmida, el, a pelota e un novo amigo. Asómanse as vellas polas fiestras a sacudir alfombras e a falar. Berranlle que pare, que a onde escapa, que só teñen unha, que a onde vai fuxir. O vento pasa rápido entre eles, diáas cabezas e un so pensamento, quen fose brisa. Os homes que os ven con presa axitan os brazos e danlles palmadas nas costas coma quen anima nunha carreira... se eles soubesen. Non a perden de vista, e o final da rúa xa está aí, non hai nada máis que facer. E a pelota por fin para... pero no pé do cura, que está apoiado nun recibidor pequeno e apoleirado. Non se sabe de onde saír, pero o caso é que procedente dalgunha das esquinas daquel pobo púidose escoitar un desesperado "Pedriño, con la iglesia hemos topado". Sebastián (Obradoiro de Literatura, Fene, 2002)